



CURSO DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO TÉCNICO/A EN EFICIENCIA ENERXÉTICA DE EDIFICIOS

Duración 612 horas

Baseado no Certificado de Profesionalidade ENAC0108 Eficiencia Enerxética (RD 643/2011 do 9 de maio)

DATAS

Inicio: febreiro do 2019

Fin: xullo de 2019

Horario: de 09:00 a 15:00,
de luns a venres

Tras a realización do curso, o alumnado poderá entrar no mundo da eficiencia enerxética a diferentes escalas, tanto para particulares, como para empresas ou institucións. Todos necesitan asesoramento, propostas da mellora da xestión enerxética e a súa execución. Aprenderá a xestionar o uso eficiente da enerxía, a avaliar a eficiencia das instalacións de enerxía e auga en edificios, a colaborar no proceso de certificación enerxética de edificios, a determinar a viabilidade da implantación das instalacións solares, a promocionar o uso eficiente da enerxía e a realizar propostas de mellora, coa calidade esixida, cumprindo a regulamentación vixente e en condicións de seguridade.

CONTIDOS

- Eficiencia no uso da auga en edificios. _____ 65 horas
- Avaliación da eficiencia enerxética das instalacións en edificios. _____ 225 horas
 - Instalacións de calefacción e auga quente sanitaria
 - Instalacións de climatización
 - Instalacións de iluminación interior e exterior
 - Aplicación informática para deseño e cálculo de iluminacións
- Aplicacións informáticas oficiais para realizar a Certificación enerxética de edificios. _____ 160 horas
- Promoción do uso eficiente da enerxía _____ 25 horas
- Estudos de viabilidade das instalacións solares _____ 75 horas
- Prevención de Riscos Eléctricos _____ 4 horas
- Normas de seguridade para traballos en altura _____ 4 horas
- Prevención de Riscos Laborais na utilización de pantallas de visualización de datos _____ 4 horas
- Formación para a igualdade _____ 10 horas
- Formación en Paquete Office adaptada ás necesidades do curso _____ 40 horas

A formación repártese en:

- 270 horas de formación teórica nos conceptos de eficiencia e avaliación enerxética.
- 80 horas destínanse a facer o estudo práctico nunha instalación real, aplicando os conceptos explicados previamente na aula, baixo a dirección da docente.
- 180 horas destínanse a Prácticas non laborais. Nelas, o alumnado realizará, de xeito individual, un proxecto sobre un edificio real coa titorización da docente.
- 22 horas empregaranse na formación en Prevención de Riscos Laborais
- 20 horas destinaranse á utilización dunha plataforma de formación na que o alumnado terá que realizar dous exercicios de investigación sobre a Eficiencia Enerxética, titorizados pola docente.
- 40 horas se adicarán á nivelación de coñecementos do alumnado en paquete office e a realización das titorías necesarias para asegurar a aprendizaxe do alumnado.

OCUPACIÓNS OU POSTOS DE TRABALLO AOS QUE TERÁ ACCESO

- Xestor/a enerxético.
- Promotor/a de programas de eficiencia enerxética.
- Axudante de procesos de certificación enerxética de edificios.
- Axudante de Técnico/a de eficiencia enerxética de edificios.
- Axudante de Auditor/a enerxético.
- Axudante de Inspector/a enerxético.
- Asesor/a de enerxías domésticas.

- Se vostede está interesada en facer o curso, debe chamar ao Centro Municipal de Emprego das Roseiras e solicitar unha cita de orientación laboral, indicando que quere facer este curso, **antes do 20 de febreiro do 2019.**
- Teléfono: 981 184 399. Horario de atención ao público: desde as 08:00 h ata as 20:00 h, de luns a venres
- Terán preferencia as persoas que estean empadroadas no concello da Coruña ou que a dirección que consta na tarxeta de demanda de emprego pertenza ao concello da Coruña

